

O recurso de suplicación

The appeal for reconsideration



RICARDO PEDRO RON LATAS

Profesor doutor do Departamento de Dereito Público Especial, Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, da Universidade da Coruña e maxistrado suplente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Resumo

O recurso de suplicación é un recurso típico do proceso laboral español que se emprega contra as sentenzas ditadas polos xulgados do social e a respecto do cal deciden as salas do social dos tribunais superiores de xustiza das comunidades autónomas. Trátase dun recurso de natureza extraordinaria, o que supón a limitación das sentenzas recorribles e dos motivos de impugnación. O noso estudo analiza o seu réxime xurídico, facendo especial fincapé nas importantes novidades introducidas na recente Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Palabras chave: recursos no proceso laboral español, Lei reguladora da xurisdición social.

Abstract

The appeal for reconsideration is a typical recourse of the Spanish labour process employed against judgments handed down by the Social Courts and decided by the Labour Chambers of the Superior Courts of Justice of the Autonomous Communities. This is an extraordinary recourse because the judgments subject to appeal and the grounds for contesting are limited. Our study analyses its legal status, with particular emphasis on the important recent innovations introduced in the new Law regulating Social Jurisdiction.

Keywords: *recourses in Spanish labour process, act regulating social jurisdiction.*

1. Introducción

O recurso de suplicación, ás veces chamado «de pequena casación» para salientar o seu carácter extraordinario e, ao mesmo tempo, manter as distancias co recurso ordinario de apelación civil, procederá segundo o artigo 190.2 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (en diante LXS) «contra as resolucións que se determinan nesta lei e polos motivos que nela se establecen»; doutra parte, de acordo co artigo 7.c) da LXS, o seu coñecemento atribúeselles ás salas do social dos tribunais superiores de xustiza en relación coas resolucións –autos e sentenzas– susceptibles de recurso ditadas polos xulgados do social, o máis habitual, e aquelas dos xulgados do mercantil que se atopen na súa circunscrición se esas resolucións afectan ao dereito laboral (artigo 190.1 da LXS).

Con respecto á Lei de procedemento laboral (LPL), a LXS introduciu bastantes cambios importantes. Salienta unha tendencia xeral a restrinxir a recorribilidade (artigo 191), e, nese sentido, ampliáse de 1800 a 3000 euros –aínda que segue pecando de ridícula– a contía mínima de acceso ao recurso, agás nos procesos de impugnación de actos administrativos en materia laboral, caso en que será de 18 000 euros en consonancia co máis razoable, se quere aliviarse a suplicación¹. Así mesmo, exclúese a suplicación en procesos de impugnación de alta médica e, pola contra, prodúcense algunhas ampliacións significativas en relación cos autos de terminación anormal do proceso e os autos en execución provisional.

De igual maneira o recurso de suplicación sufriu cambios na súa tramitación, dos cales avanzamos agora unha sucinta noticia: o prazo de interposición segue a ser de dez días desde a posta a disposición dos autos, mais elimínase o día adicional destinado á seu recollida (artigo 195.1 da LXS); comunicaráselles a existencia do recurso ás partes recorridas nun prazo de dous días e estas poderán alegar na impugnación motivos de inadmisibilidade, rectificacións de feito ou causas de oposición subsidiarias (artigo 197 da LXS); detállase o contido da sentenza en termos tomados da casación ordinaria (artigo 202, en relación co 215, da LXS); as partes ou os seus representantes procesuais poderán ser sancionados por temeridade ou por mala fe (artigo 204.2 da LXS).

¹ Artigo 81.1.a) da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Resolucións recorribles

A estrutura sistemática do artigo 191 da LXS resulta un tanto rebuscada, porque aínda que no seu apartado 1 se afirma, dentro da orde correcta de enunciación dunha norma xeral e da súa oportuna excepción, que «son impugnables en suplicación as sentenzas que diten os xulgados do social nos procesos que ante eles se tramiten, calquera que sexa a natureza do asunto, salvo cando esta lei dispoña o contrario», o certo é que esa orde correcta se ve alterada nos apartados seguintes: o 2 contempla os supostos de irrecorribilidade e o 3 os supostos de recorribilidade «en todo caso». Alén disto, a lectura dalgún dos supostos de irrecorribilidade do apartado 2 –en especial o da súa letra g), que exclúe da suplicación as «reclamacións cuxa contía litixiosa non exceda os 3000 euros»– permítenos concluír que se trata, polo seu alcance xeral, dunha curiosa enunciación en negativo dos supostos de recorribilidade. Con todos eses defectos, cinguirémonos na explicación á sistemática legal, e iso porque a sistemática da norma é en moitos casos un elemento interpretativo de primeira orde para entender o alcance das súas previsións.

Tamén son recorribles outras resolucións diferentes a sentenzas de xulgados do social, ben porque se trata de autos, ben porque proveñen de xulgados do mercantil (apartado 4 do artigo 191 da LXS).

2.1. Sentenzas en principio irrecorribles

De acordo co artigo 191.2 da LXS, o recurso de suplicación non procederá nos procesos relativos ás seguintes materias:

1) Impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave que non fose confirmada xudicialmente [letra a)]. Por tanto, os empresarios non poden recorrer contra as faltas moi graves revogadas xudicialmente, o que supón unha diferenza de tratamento constitucional, polo carácter compensador da lei laboral (STC 125/1995, do 24 de xullo). Nada cambiou aparentemente na LXS en relación coa LPL no tocante á irrecorribilidade, ou mellor dito recorribilidade limitada, nos procesos de impugnación de sancións. Con todo, coas reformas operadas no seo da devandita modalidade procesual especial xorden novas cuestións a respecto da eventual ampliación dos casos de recorribilidade da sentenza:

a) Ao se introducir no artigo 115.1.b) e c) da LXS a novidade de que se condenará o/a empresario/a ao pagamento dos salarios deixados de aboar en cumprimento da san-

ción, ou, no seu caso, ao período de exceso, de revogarse total ou parcialmente a sanción, xorde a cuestión de se se abre a posibilidade do recurso de suplicación a favor do/a empresario/a aínda que a falta sexa inferior a moi grave cando esa condena supere os 3000 euros. A nosa resposta é negativa, porque suporía alterar a finalidade compensadora da norma e porque estamos ante unha consecuencia inevitable da revogación total ou parcial que a LPL non podía descoñecer –aínda que non esixise a condena en sentenza– cando restrinxiu o recurso.

b) A posibilidade, que a LPL non consideraba e que a LXS admite agora expresamente nos seus artigos 115.1.d) e 184, de acumular á impugnación de sancións disciplinarias as pretensións relativas á tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, conduce ao problema do recurso contra a sentenza, con tres posibles solucións: a de considerar que non cabe nunca porque a impugnación da sanción disciplinaria é a acción principal que impón o seu réxime de recursos; a de considerar que cabe sempre dada a prevalencia da tutela dos dereitos fundamentais no noso sistema xurídico, ou a de considerar que cabe só cando se reclama unha indemnización de contía superior aos 3000 euros.

Tan minuciosa noutras cuestións, a LXS non ofrece no entanto unha solución explícita a esta cuestión. Se isto é así, podería pensarse que é porque non se altera o réxime de recorribilidade limitada dos procesos de impugnación de sancións disciplinarias e prevalece a impugnación de sancións disciplinarias como acción principal do proceso de impugnación de sancións disciplinarias. O argumento de forza desta solución interpretativa –e talón de Aquiles das outras solucións– é que se a LXS quería establecer un réxime máis amplo de recurso debeu introducir outro suposto de recorribilidade «en todo caso» no apartado 3 do artigo 191, algo que non fixo podendo facelo.

Ora ben, antóllasenos difícil de soste, desde a lóxica interna do sistema de recursos deseñado na LXS, que aquelas cuestións que non son consecuencia inevitable da cualificación de nulidade da sanción, senón específicas da tutela, queden sempre fóra do ámbito do recurso de suplicación. Por exemplo, a declaración de vulneración de dereitos fundamentais ou liberdades públicas, que é un pronunciamento que, feito ou non expresamente no fallo da sentenza de nulidade da sanción, sempre deberá razoarse na súa fundamentación xurídica; ou a procedencia ou a cuantificación da correspondente indemnización, que é un pronunciamento habitualmente pedido e en calquera caso acumulable.

Ao noso xuízo, a solución máis correcta debe ir da man da opción legislativa a prol de acumular as garantías de ambas as modalidades procesuais especiais cando se pretende a tutela dos dereitos fundamentais no proceso de impugnación de sancións disci-

plinarias (e nos demais contemplados no artigo 184). Tal solución é a que a LXS ofrece cun carácter xeral segundo os seus artigos 26.2, 178.2 e 184, e –sen descoñecer que a interpretación literal das normas sobre recursos conduciría á irrecorribilidade– non debería haber inconveniente desde unha interpretación sistemática e finalista en aplicar esa solución ao réxime de recursos, levando en todo caso á recorribilidade.

2) Procesos relativos á data de goce das vacacións [letra b)], é dicir os canalizados a través dos artigos 125 e 126 da LXS. Mantense o réxime de irrecorribilidade da sentenza cando se acumulasen pretensións de tutela dos dereitos fundamentais ou liberdades públicas ao abeiro do artigo 184 da LXS? Ao noso xuízo, non (remitímonos ao que argumentamos a respecto do proceso de sanción).

3) Materia electoral, salvo no caso do artigo 136 [letra c)], é dicir, a nova submodalidade procesual de impugnación das resolucións administrativas sobre certificación de capacidade representativa sindical. Mantense o réxime de irrecorribilidade da sentenza cando se acumulasen pretensións de tutela dos dereitos fundamentais ou liberdades públicas ao abeiro do artigo 184 da LXS? Ao noso xuízo, non (volvemos remitirnos ao que argumentamos a respecto do proceso de sanción).

4) Procesos de clasificación profesional, salvo no caso previsto no apartado 3 do artigo 137 [letra d)], isto é, cando á acción de clasificación profesional se acumule a de diferenzas salariais e estas alcancen a contía mínima da suplicación. Isto supón rectificar a xurisprudencia existente, que atendendo á principalidade da clasificación profesional e á accesoriade da reclamación de diferenzas salariais, negaba a suplicación aínda no caso de as diferenzas salariais reclamadas alcanzaren a contía da suplicación.

Cal é, neste caso, o alcance da suplicación? Unha solución estrita permite soste que a suplicación se limita á revisión da acción –diferenzas salariais superiores a 3000 euros– que abre o recurso, de modo que aínda que para resolvela cumpra examinar as resultancias fácticas e as consideracións xurídicas propias da acción principal –categoría profesional–, a decisión ditada na sentenza de suplicación polas diferenzas salariais non afectaría ao resolto na sentenza de instancia en relación coa acción de categoría profesional.

A literalidade estrita do parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 192 –precisamente un inciso introducido na LXS– lévanos a outra solución: «cando nun mesmo proceso se exerzan unha [sic] ou máis accións acumuladas das que soamente algunha sexa impugnabile en suplicación, procederá igualmente o dito recurso, salvo expresa disposición en contrario». E a circunstancia de que no caso da acumulación das diferenzas á categoría profesional esta sexa a acción principal e aquela a accesoria non altera a solución porque a lei non realiza ningún distingo.

Ao noso xuízo, isto casa coa íntima relación substantiva existente entre ambas as accións, polo que sería incoherente admitir que, ao estimarse a clasificación na sentenza de instancia, non habería lugar a diferenzas salariais se a de suplicación entendese que non había motivos para a estimación da clasificación profesional; ou, no suposto inverso, que, ao se desestimar a clasificación profesional na sentenza de instancia, habería lugar a diferenzas salariais se a de suplicación entendese que había motivos para a clasificación profesional.

Cuestión diferente, naturalmente, é que por ausencia da titulación necesaria, por non se seguiren os trámites convencionalmente establecidos ou por calquera outro motivo xurídico diferente obstativo do recoñecemento da categoría profesional, esta sexa rexeitada, aínda que ao se realizaren os labores propios desa categoría profesional se recoñezan as diferenzas salariais. O que non sería coherente é que, non existindo eses motivos xurídicos obstativos do recoñecemento da categoría profesional, a súa resolución se desvinculase da resolución das diferenzas salariais.

Por haber discusión sobre eses motivos, é factible estimar as diferenzas salariais mais non a clasificación profesional, e nese contexto xorde outro problema interpretativo: poden os traballadores recorrer en suplicación o pronunciamiento sobre clasificación profesional sen recorreren o de diferenzas salariais superiores a 3000 euros? Unha resposta afirmativa, que se sostería na letra estrita do artigo 192.2, conduciríanos a subverter dunha maneira moi importante o que é a norma xeral de irrecorribilidade nos procesos sobre clasificación profesional.

Aínda que serán os órganos xudiciais os que, nesta como en tantas outras cuestións suscitadas pola LXS, teñan a última palabra, quizais sexa aquí posible unha lectura lóxica do parágrafo segundo do artigo 192.2 no sentido de que só pretende abrir o recurso de suplicación ao pronunciamiento sobre a acción irrecorrible cando se impugna simultaneamente o pronunciamiento sobre a acción recorrible, mais non cando só se impugna o pronunciamiento sobre a acción irrecorrible.

5) Procesos de mobilidade xeográfica distintos dos previstos no apartado 2 do artigo 40 do ET (é dicir, distintos dos traslados colectivos); procesos de modificación substancial das condicións de traballo, salvo cando teñan carácter colectivo, de conformidade co apartado 2 do artigo 41 do ET; e de cambio de posto ou mobilidade funcional, quitado que fose posible acumular a estes outra acción susceptible de recurso de suplicación [letra e)]. A que procesos se refire o lexislador cando alude a procesos de cambio de posto ou mobilidade funcional? Aos de modificación substancial das condicións de traballo se as modificacións supoñen un cambio de posto ou mobilidade funcional?

O Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, engade outro suposto de recorribilidade, a saber: as suspensións e reducións de xornada previstas no artigo 47 do ET que afectaren a un número de traballadores igual ou superior aos limiares previstos no artigo 51.1 do ET; é dicir, no caso de ser esas medidas colectivas, o cal implica abrir o recurso en supostos semellantes a aqueles en que se abre o recurso de traslados colectivos ou de modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo.

Chama a atención que, podendo acumularse a acción de danos e perdas que a decisión empresarial puidese ocasionar durante o tempo en que produciu efectos, e podendo a contía desa acción superar o límite cuantitativo establecido legalmente para recorrer en suplicación, non se previsa nestes casos a posibilidade de suplicación. Unha interpretación lóxica alén da literalidade debese conducir á recorribilidade, sobre todo se consideramos a apertura á suplicación que se contempla, en casos semellantes, en relación cos procesos de cambio de posto ou mobilidade funcional, de acordo co inciso final recollido no antes mencionado artigo 191.2.e) da LXS.

Mantense o réxime de irrecorribilidade da sentenza cando se acumularon pretensións de tutela de dereitos fundamentais ou liberdades públicas ao abeiro do artigo 184 da LXS? Ao noso xuízo, non (remitímonos ao que argumentamos a respecto do proceso de sanción). Cal é nestes casos o alcance da suplicación? Entendemos que non se limita a resolver a acción acumulada, aínda que sexa esta a que abre o recurso (remitímonos ao exposto para a categoría profesional).

6) Procedementos relativos aos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral previstos no artigo 139, agás cando se acumulase unha pretensión de resarcimento de danos e perdas que pola súa contía poida dar lugar a recurso de suplicación [letra f)].

Mantense o réxime de irrecorribilidade da sentenza cando se acumularon pretensións de tutela de dereitos fundamentais ou liberdades públicas ao abeiro do artigo 184 da LXS? Ao noso xuízo, non (remitímonos ao que argumentamos a respecto do proceso de sanción). Cal é nestes casos o alcance da suplicación? Entendemos que non se limita a resolver a acción acumulada, aínda que sexa esta a que abre o recurso (remitímonos ao exposto para a categoría profesional).

7) Reclamacións cuxa contía litixiosa non exceda de 3000 euros [letra g)]. Aínda que situada dentro dos supostos de irrecorribilidade, o certo é que estamos ante unha regra en negativo dos supostos de recorribilidade que, *contrario sensu* e de pórmola en relación coa regra xeral de suplicabilidade contida no apartado 1 do artigo 191, nos permite concluír que en xeral son recorribles en suplicación todas as sentenzas ditas

polos xulgados do social de contía superior aos 3000 euros ou cuxa contía resulte ser inestimable, salvando os supostos de irrecorribilidade en principio e de recorribilidade en todo caso que se consideran, respectivamente, nos apartados 2 e 3.

8) Procesos de impugnación de alta médica –modalidade procesual regulada no artigo 140.3– calquera que for a contía das prestacións de incapacidade temporal que viñese percibindo o/a traballador/a [letra g)]. Teñamos presente que os efectos da sentenza se limitarán á alta médica impugnada, sen condicionar outros procesos diversos sexa no relativo á continxencia, á base reguladora, ás prestacións derivadas ou a calquera outro extremo [artigo 140.3.c)]. En consecuencia, non se abrirá o recurso de suplicación contra a sentenza ditada na modalidade procesual especial de impugnación de altas médicas cando se pretenda discutir algunha desas outras cuestións referenciadas.

De calquera xeito, deberíamos dicir que o recurso de suplicación non procederá nos procesos relativos ás materias enumeradas «en principio», porque aínda nestes procesos cabe tal recurso se se superpón un dos supostos nos cales se admite «en todo caso» recurso de suplicación *ex* artigo 191.3, á parte de que en moitas das ocasións se admite a recorribilidade –como vimos– en determinados supostos dentro do mesmo apartado 2 do artigo 191, o que leva en suma a un panorama complexo de irrecorribilidade/recorribilidade limitada.

2.2. Sentenzas sempre recorribles

De acordo co apartado 3 do artigo 191 da LXS, a suplicación procederá en todo caso en determinados supostos. O inciso «en todo caso» supón que aínda que se exclúise a suplicación no apartado 2, cabería se concorre un suposto do apartado 3. Ora ben, esta afirmación xeral cede porque determinados supostos de recorribilidade por razón da materia das letras a), c), f) e g) do apartado 3 non se superpoñen nunca con ningún dos supostos do apartado 2, e tamén porque algúns supostos de irrecorribilidade do apartado 2 non casan ben cos de recorribilidade do apartado 3 (por exemplo, os procesos de clasificación profesional dificilmente aceptarán a posibilidade dunha afectación xeral).

1) Procesos por despedimento ou extinción de contrato [letra a)]. Trátase dunha norma até o momento de aplicación escasamente conflitiva, mais a LXS introduciu algunhas reformas que poden xerar certas dificultades interpretativas. De entrada, a LXS non se refire só aos procesos por despedimento, como facía a LPL, senón que inclúe así mesmo os procesos por extinción de contrato, o que debe entenderse non no sentido amplo de alcanzar á suplicación calquera cuestión xurdida con motivo de se

extinguir o contrato (por exemplo, a contía da liquidación debida), senón no estrito de incluír só aqueles procesos en que se cuestiona a validez ou a eficacia da propia causa de extinción.

Máis problemas xeran os novos supostos de acumulación de accións e procesos. Por exemplo, a posibilidade de acumular a reclamación salarial á acción do artigo 50.1.b) do ET (artigo 26.3) lévanos a cuestionar se aínda que esa reclamación non exceda de 3000 euros o seu pronunciamento é recorrible en suplicación cando o recurso non cuestione o pronunciamento da acción do artigo 50.1.b) do ET. Un suposto conflictivo similar pode exporse por acumulación da liquidación salarial ao proceso de despedimento (segundo parágrafo do artigo 26.3 da LXS), o que nos leva a cuestionar se mesmo que a liquidación non pase de 3000 euros o seu pronunciamento é recorrible aínda que non se recorra a acción de despedimento.

Unha aplicación estrita do parágrafo segundo do artigo 192.2 da LXS, onde se establece que «cando nun mesmo proceso se exerciten unha [sic] ou máis accións acumuladas das que soamente algunha sexa impugnabile en suplicación, procederá igualmente o dito recurso, salvo expresa disposición en contrario», condúcenos a admitir o recurso de suplicación. A solución resulta, desde logo, rechamante se consideramos a nosa tradición normativa. Talvez a citada norma poida interpretarse no sentido de que abre o recurso de suplicación cando se exercita a acción que é susceptible deste recurso e, simultaneamente, a que non o é, mais non cando se exercita exclusivamente a acción que non é susceptible de suplicación.

Polo demais, o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, introduce unha excepción nesta letra a) do apartado 3 do artigo 191 da LXS, que é a relativa aos «procesos por despedimento colectivo impugnados polos representantes dos traballadores». Isto resulta lóxico se consideramos que deses procesos son competentes en única instancia as salas do social dos tribunais superiores de xustiza e da Audiencia Nacional –artigos 7.a) e 8.1 da LXS, segundo o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro– e que contra as súas sentenzas cabe a casación ordinaria –artigo 206.1 da LXS, segundo o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro.

2) En reclamacións, acumuladas ou non, cando a cuestión debatida afecte a todos os traballadores ou beneficiarios da Seguridade Social ou un gran número deles, sempre que tal circunstancia de afectación xeral fose notoria ou alegada e probada en xuízo, ou posúa claramente un contido de xeneralidade que non pon en dúbida ningunha das partes [letra b)]. Para estes efectos, as partes poderán alegar canto estimaren conveniente no acto do xuízo oral, ofrecendo, para o momento procesual oportuno, os ele-

mentos de xuízo necesarios para fundamentar as súas alegacións, aínda que sen necesidade de achegaren proba cando a afectación xeral sexa notoria ou non poñan en dúbida a súa clara xeneralidade (artigo 85.5).

A delimitación xurisprudencial do concepto de afectación xeral sufriu unha importante evolución doutrinal, dunha posición histórica máis estrita a outra actual máis ampla que se alicerzou na STS do 3 de outubro de 2003, RX 2003/6488. Como a LXS non introduce ningunha novidade significativa, limitarémonos a lembrar os fundamentos da doutrina contida en tal sentenza, que arrinca afirmando que «a afectación xeral é un concepto xurídico indeterminado que, aínda que ten en efecto unha base fáctica, non se esgota con ela senón que a transcende», e que para os efectos de concretar ese concepto xurídico indeterminado da afectación xeral realiza as seguintes consideracións argumentais:

– «Para que exista afectación xeral é necesario que a cuestión debatida afecte a todos os traballadores ou beneficiarios da Seguridade Social ou un gran número deles... non é necesario [que] se incoasen moitos procesos xudiciais a consecuencia da cuestión que a produce, pois abonda coa existencia da situación de conflito xeneralizado».

– «Dicir que a afectación xeral esixe unha situación de conflito xeneralizado non significa que se confunda co ámbito persoal das normas xurídicas. Non se trata de tomar en consideración o alcance ou a transcendencia da interpretación dunha disposición legal, senón de pescudar se a cuestión afecta a todos os traballadores ou un gran número deles».

– «[Esta] vía especial de recurso... non está concibida exclusivamente como un dereito das partes... [así mesmo] responde a un interese abstracto: a defensa do *ius constitutionis* e a garantía da uniformidade da doutrina legal en todo o territorio nacional como principal expresión do principio constitucional de igualdade na aplicación da lei».

– «Os modos ou sistemas... para poder apreciar a concorrencia da [afectación xeral]... [son] (a) que esta afectación xeral sexa notoria; (b) que tal afectación fose alegada e probada en xuízo por algunha das partes intervinientes nel; e (c) que o asunto posúa claramente un contido de xeneralidade que non foi posto en dúbida por ningunha das partes».

– «A notoriedade precisa para apreciar a concorrencia da afectación múltiple que abre o acceso ao recurso de suplicación no proceso laboral non pode ser a notoriedade absoluta e xeral de que fala o... artigo 281.4 [da Lei de axuizamento civil], pois manter esta idea rigorosa e extremada da notoriedade... equivale a convertela nunha esixencia inútil e ociosa».

– «A idea de notoriedade... para os efectos da devandita afectación múltiple ten que ser máis flexible e matizada... trátase de que a afectación xeral quede de manifesto pola intrínseca e peculiar natureza das reclamacións efectuadas e á vista dos elementos e circunstancias propios de tales reclamacións e demais datos dos autos».

– «Tampouco é necesaria a alegación e proba da afectación xeral nos casos en que a cuestión debatida posúa claramente un contido de xeneralidade que non é posto en dúbida por ningunha das partes. Trátase dunha categoría próxima á idea de notoriedade... mais en que o vigor da evidencia da afectación múltiple é de menor intensidade».

– «Nos restantes casos, é dicir, aqueles outros que non teñen encaixe nos números 1 e 2 inmediatos anteriores... é necesaria a alegación e proba da afectación múltiple. Nestes casos, a falta dunha e outra ou a insuficiencia ou inoperancia da proba practicada impiden que o xuíz ou tribunal aprecie a concorrencia de afectación múltiple».

– «Será o xuíz do social de instancia quen deba analizar e resolver se no litixio de que se tratar... concorre ou non afectación xeral... Similar amplitude e liberdade de decisión [na materia]... teñen as salas do social... trátase dunha materia de competencia funcional que pode ser examinada de oficio pola sala *ad quem* [sen limitacións]».

– «Naqueles casos en que a Sala [do Social do TS] declarou de modo reiterado, en relación cunha cuestión determinada e concreta exposta ante ela, que esta afecta a todos ou un gran número de traballadores, tal declaración, en relación con outros procesos en que se suscite idéntica cuestión, ten o valor de doutrina xurisprudencial».

3) Nos procesos que versen sobre o recoñecemento ou a denegación do dereito a obter prestacións da Seguridade Social, así como sobre o grao de incapacidade permanente aplicable [letra c)]. Realizaremos unha breve aproximación á casuística xurisprudencial na materia distinguindo até dous grandes grupos nas materias litixiosas:

a) Procesos sobre a denegación do dereito a prestacións, sempre susceptibles de recurso de suplicación. Dentro deste grupo, alén dos xuízos sobre o grao de incapacidade permanente aplicable, inclúense:

– A denegación do reintegro de gastos sanitarios².

– A denegación do incremento do 20% da incapacidade permanente total cualificada³.

² SSTS do 7 de xullo de 1995, RX 1995/5913; 17 de xullo de 2000, RX 2000/7183, e 20 de xuño de 2004, RX 2004/6936.

³ STS do 22 de maio de 1995, RX 1995/3994.

– A controversia sobre o carácter común ou profesional da continxencia para obter a prestación⁴.

– A reclamación sobre o complemento de mínimos das pensións contributivas, dada a súa autonomía⁵.

b) Procesos sobre outras cuestións que inciden no importe dunha prestación de que xa se goza –diferenzas de base reguladora, data de efectos, duración–, en que se atenderá a se superan ou non a contía de 3000 euros⁶.

Este mesmo criterio de superación ou non da contía de 3000 euros aplícase á perda de prestacións por desemprego⁷.

4) Cando o recurso teña por obxecto emendar unha falta esencial do procedemento ou a omisión do intento de conciliación ou de mediación obrigatoria previa, sempre que se formulase a protesta en tempo e forma e se producise indefensión [letra d)], así como contra as sentenzas que decidan sobre a falta de xurisdición por razón da materia ou de competencia territorial ou funcional [letra e)]. En ambos os casos o recurso ten carácter limitado, porque se o fondo do asunto non estivese comprendido dentro dos límites da suplicación a sentenza resolverá exclusivamente sobre o defecto procesal invocado no suposto da letra d), ou sobre a xurisdición ou competencia no suposto da letra e).

Aquí a novidade da LXS a respecto da regulación da LPL é considerar, ademais da competencia por razón da materia que é a única presente na LPL, a competencia por razón da función, que podía interpretarse incluída na referencia á competencia por razón da materia, aínda que a súa referencia separada supón unha evidente mellora técnica; e a competencia por razón do territorio, o que cadra coa súa apreciación de oficio implantada no proceso laboral a través da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, e que na normativa actualmente vixente aparece recollida no artigo 5 da LXS.

5) Contra as sentenzas ditadas en materia de conflitos colectivos, impugnación de convenios colectivos, impugnación dos estatutos dos sindicatos, procedementos de oficio e tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas [letra f)]. Mesmo se o

⁴ STS do 14 de maio de 2002, RX 2002/7559.

⁵ STS do 2 de abril de 2007, RX 2007/3531.

⁶ SSTS do 26 de xuño de 2007, RX 2007/6645; e 20 de decembro de 2005, RX 2006/334.

⁷ STS do 3 de febreiro de 2003, RX 2004/1827, que rectifica o criterio anterior de admitir sempre o recurso.

reclamado nalguna destas modalidades procesuais é cuantificable economicamente e a súa contía non excede dos 3000 euros, ábrese o recurso de suplicación. Así se decidiu en relación cun proceso de tutela de dereitos fundamentais en que se reclamaba unha pretensión económica en contía inferior á esixida para a suplicación⁸.

6) Contra as sentenzas ditadas en procesos de impugnación de actos administrativos en materia laboral que non están comprendidos nos apartados anteriores, cando non sexan susceptibles de valoración económica ou cando a contía litixiosa exceda de 18 000 euros [letra g)]. O suposto refírese ás novas competencias asumidas respecto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa nas letras n) e s) do artigo 2 pola orde social, sen as acomodar –como se esixiría nun sistema de integración– ás especialidades procedementais do proceso laboral, senón, pola contra, mantendo as especialidades procedementais propias do proceso contencioso (sistema de incrustación).

Tal circunstancia explica que a contía de acceso ao recurso non se corresponda coa de 3000 euros establecida no artigo 191.2.g), senón coa que se establece para o acceso ao recurso ordinario de apelación contra as sentenzas dos xulgados do contencioso ante as salas do contencioso dos tribunais superiores de xustiza, artigo 81.1.a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente, esa circunstancia eríxese en elemento esencial na interpretación do alcance da norma, e máis en concreto na resolución da cuestión de se estas sentenzas poden acceder ao recurso segundo a letra b) do apartado 3 do artigo 191 aínda que non se alcance a contía de 18 000 euros, pola vía da afectación xeral. Pois ben, esa circunstancia condúcenos a unha solución negativa que casa coa localización sistemática da norma dentro do artigo 191, na letra g) do seu apartado 3, sen afectarlle o establecido na letra b) do devandito apartado.

2.3. Autos recorribles

Con carácter excepcional, o artigo 191 establece no seu apartado 4 unha serie de supostos en que cabe a suplicación contra os seguintes autos:

1) Os autos que resolvan o recurso de reposición interposto contra a resolución en que o órgano xurisdiccional, antes do acto do xuízo, declare a falta de xurisdición ou de competencia por razón da materia, da función ou do territorio. Aquí a novidade da LXS é recoller, alén da competencia por razón da materia que é a única que considera a LPL, a competencia por razón da función, que podía interpretarse incluída na refe-

⁸ STS do 10 de outubro de 1999, RX 2000/518.

rencia á competencia por razón da materia, aínda que a súa referencia separada supón unha evidente mellora técnica; e a competencia por razón da materia, o que cadra coa súa apreciación de oficio implantada no proceso laboral a través da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, e que na normativa actualmente vixente aparece recollida no artigo 5 da LXS.

2) «Os autos que resolvan o recurso de reposición, ou se é o caso o de revisión, interposto contra a resolución que dispoña a terminación anticipada do proceso nos seguintes supostos: (a) Satisfacción extraprocesual ou perda sobrevida de obxecto. (b) Falta de emenda dos defectos advertidos na demanda non imputable á parte ou á súa representación procesual. (c) Incomparecencia inxustificada aos actos de conciliación e xuízo, sempre que, por caducidade da acción ou da instancia ou por outra causa legal, non sexa xuridicamente posible a súa reprodución ulterior».

Como se explica na exposición de motivos da LXS, «xeneralízase o acceso á suplicación en supostos de peche anticipado do proceso, situación que, ao carecer ata agora de recurso, deu lugar a un excesivo número de recursos de amparo, precisamente na fase en que a garantía da tutela xudicial efectiva se despreza con maior intensidade. Tratábase dunha deficiencia estrutural, cuxa emenda contribuirá a reducir a carga do Tribunal Constitucional».

3) «Os autos que decidan o recurso de reposición interposto contra os que diten os xulgados do social e os autos que decidan o recurso de revisión interposto contra os decretos do secretario xudicial, ditados uns e outros en execución definitiva de sentenza ou outros títulos, sempre que a sentenza fose impugnabile en suplicación ou que, de se tratar de execución derivada doutro título, recaese en asunto no cal, de ter dado lugar a sentenza, esta fose impugnabile en suplicación, nos seguintes supostos: (a) Cando deneguen o despacho de execución. (b) Cando resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito, non decididos na sentenza ou que contradigan o executoriado. (c) Cando poñan fin ao procedemento incidental na execución decidindo cuestións substanciais non resoltas ou non contidas no título executivo. (d) Nos mesmos casos, procederá tamén recurso de suplicación en execución provisional se se excedesen materialmente os seus límites ou se declarase a falta de xurisdición ou competencia da orde social». Este último suposto supón a ampliación do ámbito de suplicación respecto da xurisprudencia interpretativa da LPL.

2.4. Resolucións ditadas polos xulgados do mercantil

Con ocasión da aprobación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a LPL admitiu a suplicación contra «os autos e sentenzas que diten os xulgados do mercantil no proceso concursal en cuestións de carácter laboral». A LXS así o recolle no apartado 4 do seu artigo 191, engadindo –aínda que talvez o máis propio fose reformar a Lei concursal– que nas devanditas resolucións deberán consignarse expresamente e por separado os feitos que se estimaren como probados.

2.5. Determinación da contía

A determinación da contía do proceso é decisiva para os efectos do establecido no artigo 191 da LXS, en especial na letra g) do seu apartado 2, que establece a irrecorribilidade das sentenzas ditadas en reclamacións cuxa contía litixiosa non exceda de 3000 euros; e na letra g) do seu apartado 3, que establece a recorribilidade das sentenzas ditadas en procesos de impugnación de actos administrativos en materia laboral cando non sexan susceptibles de valoración económica ou cando a contía litixiosa exceda de 18 000 euros. Por iso, a LXS –como antes a LPL– establece unha serie de disposicións para determinar a contía do proceso no artigo 192, apartados 1 a 5:

- 1) Disposición xeral en supostos de acumulación subxectiva, apartado 1 do artigo 192 da LXS. «Se son varios os demandantes ou algún demandado reconvén, a contía litixiosa para efectos da procedencia ou non do recurso, determinaraa a reclamación cuantitativa maior sen xuros nin recargas por moras», inciso este último que non aparecía na LPL. A xurisprudencia resolveu que se se trata dun simple pedimento xenérico de xuros, sen se efectuar a súa cuantificación na propia demanda nin se especificar nela claramente como vencidos, non se consideran na contía⁹. Tras a LXS non se deben considerar en ningún caso.

- 2) Disposición xeral en supostos de acumulación obxectiva, apartado 2 do artigo 192 da LXS. Se o/a actor/a formulase varias pretensións e reclamase certa cantidade por cada unha delas, sumaranse todas para establecer a contía. Cando nun mesmo proceso –segundo inciso engadido na LXS– se exercite «unha [sic]¹⁰ ou máis accións acumuladas das que soamente algunha sexa impugnabile en suplicación, procederá igualmente o dito recurso, salvo expresa disposición en contrario».

⁹ STS do 30 de xuño de 2008, RX 2008/4452.

¹⁰ Non ten sentido referirse a unha soa acción atendendo ao que se afirma despois sobre que algunha sexa recorrible, pois en consecuencia debe haber máis dunha.

Sobre o alcance desta norma, xa avanzamos a nosa opinión de que quizais poida interpretarse no sentido de que abre o recurso de suplicación cando se exercita a acción que é susceptible de recurso e, simultaneamente, a que non o é, mais non cando se exercita exclusivamente a acción que non é susceptible de suplicación.

3) «Disposición especial cando a reclamación verse sobre prestacións económicas periódicas de calquera natureza ou diferenzas sobre elas», apartado 3 do artigo 192 da LXS. A contía litixiosa para os efectos de recurso virá determinada polo importe da prestación básica ou das diferenzas reclamadas, ambas cuantificadas en cómputo anual, sen ter en conta as actualizacións ou melloras que poidan serlles aplicables, nin os xuros ou recargas por mora. No segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 192 da LXS engádesse que a mesma regra de anualización exposta «se aplicará ás reclamacións de recoñecemento de dereitos, sempre que teñan tradución económica.»

Cuestión inmediata é determinar o ámbito de aplicación desta disposición especial do apartado 3. De entrada, o apartado 4, que establece unha disposición especial en materia de prestacións da Seguridade Social valorables economicamente, remítese ao citado apartado 3, de xeito que para estes fins se computan en exclusiva as diferenzas reclamadas sobre o importe recoñecido previamente en vía administrativa. Tal remisión permítenos de maneira razoable excluír a posibilidade de que coa expresión «prestacións económicas periódicas» o apartado 3 se refira a prestacións de seguridade social, sexan do sistema público ou ben de carácter complementario, pois o apartado 5 non tería sentido noutro caso.

Así as cousas, cobra forma a interpretación de que as «prestacións económicas periódicas» son as derivadas dun contrato de traballo, e, paradigmaticamente, os salarios. Isto casa co feito de que o propio apartado 3 (a) engada «de calquera natureza»; (b) se refira despois non só ás «actualizacións ou melloras que lles poidan ser aplicables», o que podería facer pensar en prestacións sociais, senón tamén aos «xuros ou recargas por mora», o que nos fai pensar máis directamente en salarios; e (c) estenda a aplicación da regra de anualización ás «reclamacións por recoñecemento de dereitos, sempre que teñan tradución económica», o que dinamita calquera interpretación restritiva.

Se esta interpretación é a correcta, suporía unha limitación importante no acceso ao recurso de suplicación que antes non existía, na medida en que cando se reclamaba un concepto salarial se atendía á totalidade da contía reclamada, mesmo de pertencer a distintas anualidades. En calquera caso, o que si resulta fóra de toda dúbida –pola remisión feita no apartado 4 ao apartado 3– é o decaemento da xurisprudencia que, en materia de diferenzas en prestacións de seguridade social, permitía o acceso ao recurso de suplicación cando se reclamasen atrasos de varios anos que excedesen a contía aínda que a contía anualizada fose inferior á contía mínima do recurso de suplicación.

4) Disposición especial en impugnación de actos administrativos en materia laboral e de seguridade social, apartado 4 do artigo 192 da LXS. Para os efectos do recurso atenderase ao contido económico da pretensión ou do acto obxecto do proceso cando sexa susceptible de tal valoración e, no seu caso, en cómputo anual. Tal regra de carácter xeral concrétese na norma a través das seguintes regras de carácter especial:

a) Cando se pretenda o recoñecemento dun dereito ou dunha situación xurídica individualizada (na dogmática administrativa é o chamado recurso de plena xurisdición ou subxectivo), a contía virá determinada polo valor económico do reclamado ou, de ser o caso, pola diferenza a respecto do previamente recoñecido en vía administrativa.

b) Cando se pretenda a anulación dun acto (na dogmática administrativa é o chamado recurso de anulación ou obxectivo), incluídos os de carácter sancionador, atenderase ao contido económico deste.

Non se terán en conta os xuros ou recargas por mora –en disposición que se reitera ao longo de todo o artigo 192– en ningún dos dous casos.

Seguindo a tónica de manter as especialidades propias do proceso contencioso en relación coas novas competencias asumidas respecto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa nas letras n) e s) do artigo 2, estas normas sobre a determinación de contía son unha simple imitación do establecido a respecto diso no artigo 42 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

5) Disposición especial en materia de prestacións de seguridade social valorables economicamente, apartado 4 do artigo 192 da LXS. Estarase á regra do apartado 3 do artigo 192, de xeito que se computarán de xeito exclusivo para estes fins as diferenzas reclamadas sobre o importe recoñecido previamente en vía administrativa (remitímonos á súa análise).

3. Os motivos de suplicación

Segundo o artigo 193 da LXS o recurso de suplicación terá por obxecto (a) repor os autos ao estado en que se atopaban no momento de se cometer unha infracción das normas ou garantías do procedemento que producise indefensión; (b) revisar os feitos declarados probados, á vista das probas documentais e periciais practicadas, e (c) examinar as infraccións de normas substantivas ou da xurisprudencia. Así, a norma non limita demasiado este recurso en aparencia, pois admite a alegación de vicios *in procedendo* (impugnacións procesuais), *in valorando* (erros probatorios) e *in iudicando* (infraccións substantivas). Con todo, a aplicación xudicial, desde sempre e sen ningunha

fisura, interpretouna en conexión co carácter extraordinario do recurso de suplicación, o que lle permitiu alcanzar as seguintes conclusións:

1) A impugnación procesual esixe a alegación das normas ou garantías do procedemento infrinxidas e a indefensión entendida como prexuízo material efectivamente producido á parte, e non como prexuízo formal só presunto. Por iso, non hai indefensión nos seguintes casos:

a) Cando existía a posibilidade de protesta e non se utilizou no primeiro momento procesual posible desde a infracción, senón que se acudiu, no seu caso, ao recurso de reposición argumentando a indefensión producida a consecuencia da devandita infracción.

b) Cando se alegue a inadmisión dunha proba e non se acredite, a través dun xuízo racional de relevancia, que de practicarse a proba inadmitida o fallo xudicial razoablemente podería ser distinto (non se esixe acreditar dunha maneira inconclusa que o fallo xudicial sería distinto).

2) A revisión de feitos é o aspecto en que, seguindo criterios tomados da casación, máis se restrinxiu a posibilidade de estimación do motivo para preservar a soberanía dos xuíces de instancia na valoración da proba. Deste xeito, son esixencias xudiciais da revisión fáctica:

a) Que deberá sustentarse en proba documental ou pericial. Non serve como sustento da revisión fáctica ningunha outra clase de probas, nin sequera documentos que se limiten a recoller declaracións ou testemuños, como a acta do xuízo oral, unha acta notarial ou un informe de detectives.

b) Que, para estes efectos, non se consideran documentos as gravacións de audio e de vídeo. Para outros efectos poderán considerarse como tales, mais na regulación do proceso laboral e con vistas a un recurso extraordinario non habilitan a revisión dos feitos declarados probados.

c) Que a invocación deberá ser suficientemente identificativa do documento ou a pericia que sustenta a revisión fáctica pretendida. Non abonda unha invocación xenérica a toda ou a parte da proba practicada porque se obrigaría á construción de oficio do recurso de suplicación.

d) Que a proba documental debe ser auténtica, expresión indeterminada –fálase dun maxistrado do Tribunal Supremo que dicía: «Morro e aínda non sei o que é un documento auténtico»– coa cal se quere aludir a que debe ser idónea para acreditar o feito que nela se recolleu.

e) Que a proba documental ou pericial debe ser literosuficiente para os efectos revisores pretendidos, é dicir, o feito cuxa adición se pretende a través da revisión fáctica deberá coincidir co feito recollido na proba documental ou pericial, sen se engadiren aspectos sen un amparo exacto.

f) Que a proba documental ou pericial debe demostrar o erro do/a xuíz/a de instancia na valoración da proba dunha maneira directa, na medida en que o demostre coa simple constatación do documento ou a pericia, sen necesidade de conxecturas ou argumentos complexos.

g) Que a proba documental ou pericial non se contradigan con outros elementos de proba das actuacións –incluídos a confesión, a proba testifical ou o recoñecemento xudicial– que o/a xuíz/a utilízase para alcanzar as súas conclusións fácticas canto á declaración de feitos probados.

h) Que a revisión solicitada, en forma de modificación dun feito probado ou de supresión ou adición dun feito probado, deberá ser transcendente para a resolución do litixio. Isto deberá razoarse expresamente ou deducirse do escrito de interposición do recurso.

i) Que non se admite a supresión dun feito probado na sentenza de instancia alegando a falta de proba suficiente, porque iso obrigaría a revisar a proba achegada como se estivésemos ante unha dupla instancia procesual e permitiría eludir o carácter extraordinario do recurso de suplicación.

j) Que non se admite a denominada revisión fáctica inconexa, en virtude da cal se pretende introducir para a revisión fáctica suplicacional con sustento nunha proba hábil un feito sen transcendencia resolutoria en substitución doutro feito que non é contradictorio e que si é transcendente.

3) Cómpre apuntarmos, con todo, determinados supostos nos cales –por motivos diversos– se atribúen ás salas do social dos tribunais superiores de xustiza competencias máis amplas en relación coa construción da resultancia fáctica dos litixios, como os seguintes:

a) A posibilidade de examinar sen restricións a totalidade do material probatorio cando se trate de resolver unha cuestión sobre xurisdición ou sobre competencia material, funcional ou territorial, o que se xustifica na circunstancia de seren cuestións de orde pública procesual.

b) A posibilidade de completar os feitos declarados probados na sentenza de instancia con aqueles outros que sexan conformes, entendendo por tales os admitidos expresamente por todas as partes a que afectaren, sen se poderen utilizar admisións tácitas ou a *ficta confessio*.

c) A posibilidade de eliminar aqueles feitos que se acredite que son irreais, na medida en que nin foron alegados nin probados, nin son notorios, e en que se acredite que non son reais porque, como se trata de feitos inventados, a defensa contra eles é imposible e se vulnera o dereito á tutela xudicial.

d) A posibilidade de corrixir un erro material, mecanográfico ou aritmético na declaración de feitos probados da sentenza de instancia, de modo que, aínda que non é motivo de revisión fáctica suplicacional, a sala debe consideralos emendados ao resolver o recurso.

4) A denuncia xurídica obriga a citar de maneira precisa –non valen citas xerais– as normas do ordenamento xurídico ou a xurisprudencia, aínda que non invalidan o recurso simples erros materiais como por exemplo un artigo mal citado se se alega o seu contido e de tal contido se deduce o correcto.

4. Partes

Como con carácter xeral establece o artigo 448.1 da Lei de axuízamento civil, e sen ningunha dúbida é aplicable no tocante ao recurso de suplicación, o dereito das partes a empregaren os recursos legalmente previstos establécese «contra as resolucións xudiciais que lles afectaren de xeito desfavorable». Por tanto, a lexitimación para recorrer depende da existencia dunha afectación desfavorable, é dicir, dun gravame. Tal circunstancia de existencia dun gravame sempre concorre cando se produce un vencemento na instancia (gravame directo) e ás veces mesmo sen este se producir (gravame indirecto), o que obriga a valorar as circunstancias de cada caso concreto.

Atendendo á casuística xudicial aplicada ao recurso de suplicación, o devandito gravame indirecto existe nalgunha das seguintes circunstancias:

1) Dunha empresa absoluta no fondo do litixio, cando se desestima a excepción de incompetencia pola relación non ser laboral¹¹, ou de defecto litisconsorcial pasivo derivado dunha sucesión de empresa¹². Ora ben, non cando, declarándose a procedencia do despedimento, a excepción de que se trata é a caducidade da acción¹³. Aínda que

¹¹ STS do 9 de abril de 1990, RX 1990/3435.

¹² STS do 22 de xullo de 1993, RX 1993/5753.

¹³ STS do 21 de febreiro de 2000, RX 2000/2232.

aparentan decisións diverxentes, non é difícil atopar xustificación da diferenza segundo se a estimación da excepción pode ter efectos alén do resolto (como no caso da incompetencia ou o defecto litisconsorcial pasivo) ou non (como no caso da caducidade).

2) Dunha empresa absoluta, cando se aprecia o seu interese en revisar un feito en que se declaran probadas unhas horas extraordinarias¹⁴ sen afectar iso ao fallo da sentenza de despedimento. No entanto, a doutrina non xustifica a lexitimación da empresa en todos os casos en que queira revisar feitos probados, senón só naqueles específicos en que os feitos probados prexulgarían unha acción sobre un conflito real.

Pola contra, non concorre lexitimación para recorrer en suplicación pola ausencia de gravame nalgún dos seguintes casos xudicializados:

- 1) Cando quen pretenda recorrer sexa o/a codemandado/a de quen desistiu expresamente o/a demandante¹⁵.
- 2) Se a beneficiaria interesa unha base reguladora menor á recoñecida, aínda que disinta do sistema de cálculo¹⁶.

O artigo 17.5 da LXS está inspirado, en boa medida, nas interpretacións xudiciais ampliatorias do concepto de gravame –tanto directo como indirecto– como orzamento xustificativo da lexitimación para recorrer, ao establecer para o efecto que «contra as resolucións que lles afecten desfavorablemente as partes poderán interpor os recursos establecidos nesta lei [1] por ter visto desestimadas calquera das súas pretensións ou excepcións, [2] por resultar delas directamente gravame ou prexuízo, [3] para revisar erros de feito ou [4] prever os eventuais efectos do recurso da parte contraria ou [5] pola posible eficacia de cousa xulgada do pronunciamento sobre outros procesos ulteriores».

¹⁴ STS do 10 de novembro de 2004, RX 2005/743.

¹⁵ STS do 26 de abril de 1999, RX 1999/4534.

¹⁶ STS do 2 de xullo de 2002, RX 2002/9193.

5. A tramitación ante os xulgados do social

5.1. Anuncio

De conformidade co artigo 194 da LXS, o recurso de suplicación deberá anunciarse dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, identificando sempre a resolución recorrida –sen que caiba despois cambiar esa identificación alegando erro¹⁷–, por medio de calquera dos seguintes procedementos:

- 1) A simple manifestación da parte ou do/a avogado/a desta, graduado/a social colexiado/a ou representante, ao facerlle a notificación daquela, do seu propósito de establecelo. Estenderase para o efecto a oportuna dilixencia en que se recolla a manifestación do propósito de establecer o recurso de suplicación.
- 2) Por comparecencia ou por escrito das partes ou do/a avogado/a destas, graduado/a social colexiado/a ou representante ante o xulgado que ditou a resolución impugnada. Vale mediante fax, sen prexuízo da emenda das formalidades incumpridas¹⁸.

Segundo as disposicións comúns aos recursos de suplicación e casación, no momento do anuncio do recurso de suplicación consignaranse o depósito para recorrer (artigo 229) e o importe da condena (artigo 230), e nomearase letrado/a ou graduado/a social colexiado/a (artigo 231). Remitímonos á análise das devanditas disposicións comúns.

5.2. Admisión

Anunciado o recurso, decidirase sobre a súa admisión de conformidade co establecido no artigo 195 da LXS. O trámite de admisión abrangue o exame de tres esixencias legais: a primeira, se a resolución é recorrible en suplicación; a segunda, se o anuncio se realizou en prazo; a terceira, se se cumpriron as demais previsións legalmente establecidas. Por razóns evidentes de orde pública procesual, as dúas primeiras esixencias legais son imposibles de emendar. Canto á terceira, admite emenda a través do procedemento legalmente establecido –artigo 11.3 da Lei orgánica do

¹⁷ STC 221/1994, do 18 de xullo.

¹⁸ STS do 20 de decembro de 1995, RCU 3406/1995.

poder xudicial–, que no ámbito do recurso de suplicación se regula no artigo 230.5 da LXS¹⁹.

De se cumpriren esas tres esixencias legais –recorribilidade da resolución, anuncio en prazo e, se é o caso, depósito para recorrer, consignación da cantidade obxecto da condena e designación de letrado/a ou de graduado/a social colexiado/a–, o/a secretario/a xudicial terá por anunciado o recurso e acordará pór os autos á disposición do/a letrado/a ou graduado/a social colexiado/a designado/a pola parte recorrente. Isto pode facerse de forma sucesiva, da maneira tradicional e única coñecida na LPL, ou simultaneamente, da nova maneira introducida na LXS, aínda que a súa utilización esixiría a adecuada implantación dos medios materiais oportunos, dos cales neste momento carecen os xulgados do social.

1) Posta a disposición sucesiva. Farase pola orde de anuncio (é dicir, de acordo cun criterio temporal), na forma disposta no apartado 1 do artigo 48 (a saber, traslado material das actuacións, entrega de soporte informático, acceso telemático ou entrega de copia dos particulares que procedan) para que se interpoña o recurso. O traslado material das actuacións debe substituírse²⁰ pola entrega de soporte informático ou mediante acceso telemático se se dispuxese dos medios necesarios.

2) Posta a disposición simultánea. Se o órgano xurisdiccional dispuxese dos medios para lles dar traslado ou acceso simultáneo ás actuacións a todas as partes recorrentes, o que é case ciencia ficción á vista da situación dos medios materiais da xustiza, disporase que tanto a posta a disposición das actuacións como a interposición do recurso se efectúen dentro dun prazo común a todos os recorrentes.

En calquera caso, é dicir, tanto se a posta a disposición é sucesiva como se é simultánea, o prazo de interposición do recurso de suplicación é «dentro do dez días seguintes a que se notifique a posta a disposición». Ora ben, no suposto da posta a disposición sucesiva o prazo corre desde entón «calquera que for o momento en que o letrado ou o graduado social colexiado examinase ou recollese os autos». Elimínase así o día destinado á recollida dos autos que se contemplaba na LPL e que supuña ampliar o

¹⁹ Trátase dunha disposición común co recurso de casación, para analizar no seu momento, en que se enumeran os requisitos emendables nunha listaxe que, aínda que contén cláusulas amplas, quere ser exhaustiva.

²⁰ Nunha redacción imperativa que difire da facultativa, «podendo substituírse», usada na norma xeral do artigo 48.1.

prazo nun día. No entanto, de realizarse a comunicación a través de medios electrónicos, informáticos ou similares conforme ao artigo 162 da Lei de axuízamento civil, esa ampliación dun día reaparece nos casos do segundo parágrafo do artigo 60.3 da LXS.

De non se cumprir algunha das tres esixencias mencionadas de modo que non se poida emendar, ou non se non se emendasen os devanditos requisitos dentro do termo conferido para o efecto no artigo 230.5 (isto reforza a idea de que só nos seus casos cabe a emenda), o órgano xudicial –non o/a secretario/a xudicial, polo que se considera a concorrencia de causa de inadmisión deberá comunicalo ao órgano xudicial para que este sexa o que resolva– declarará mediante auto ter por non anunciado o recurso, quedando firme no seu caso a sentenza impugnada. Contra o auto poderá recorrerse en queixa ante as salas do social do tribunais superiores de xustiza.

5.3. Interposición

O escrito de interposición do recurso de suplicación presentárase, de conformidade co artigo 196, ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, con tantas copias como foren as partes recorridas. A diferenza do anuncio, caracterizado pola súa informalidade, trátase dun escrito forense sometido a ríxidos formalismos, algo moi típico dos recursos extraordinarios, en que se deberá expresar o seguinte:

- 1) As alegacións sobre a súa procedencia e sobre o cumprimento dos requisitos esixidos. Trátase dunha esixencia introducida na LXS.
- 2) O motivo ou os motivos en que se ampare, que se expresarán con suficiente precisión e claridade, con cita das normas do ordenamento xurídico ou da xurisprudencia que se consideren infrinxidas. Isto quere dicir implicitamente que sempre haberá que solicitar denuncia xurídica, salvo, obviamente, se só se pretendese unha nulidade por vicios procesuais.
- 3) As razóns sobre a pertinencia e fundamentación dos motivos.
- 4) O documento concreto ou a pericia en que se basee cada motivo de revisión dos feitos probados que se aduza de maneira suficiente para que sexan identificados, indicando a formulación alternativa que se pretende. A LXS estableceu maiores esixencias ao obrigar á identificación do documento ou a pericia concretos e á expresión do relato fáctico alternativo que pode ser adición ou modificación do xudicial.

Non se di expresamente, máis é claro que se deberá concluír cun «solicito» onde se concrete o que se pretende: a nulidade por motivos procesuais e/ou a revogación total

ou parcial por motivos materiais, e en que de ser o caso se instrumenten as pretensións en principal e subsidiarias.

5.4. Impugnación

Interposto o recurso en tempo e forma, o artigo 197 establece que o/a secretario/a xudicial proverá no prazo de dous días e dará traslado del –non dos autos– para a súa impugnación á parte ou ás partes recorridas por un prazo común de cinco días para todas elas. Non se establece un control polo órgano *a quo* da interposición en tempo e en forma, mais é evidente que se se superou o prazo, poderá terse por desistido o recurso de suplicación.

O que non parece legalmente posible é atribuírle ao órgano *a quo* un control sobre a forma do escrito de interposición. Iso esixiría unha norma habilitante como a prevista na casación (artigos 210.3 e 222.2). Será a sala do social correspondente, ao resolver o recurso de suplicación, a que actuará en consecuencia se a interposición ten defectos formais que, á vista do seu contido, non se poidan entender corrixidos a prol da efectividade da tutela xudicial, e desestimaré o recurso en todo ou en parte, sen poder en ningún caso construílo de oficio.

De conformidade co artigo 197 da LXS, nos escritos de impugnación, que se presentarán acompañados de tantas copias como sexan as demais partes para o seu traslado a elas, poderán alegarse²¹: (1) motivos de inadmisibilidade do recurso, (2) eventuais rectificacións de feito ou (3) causas de oposición subsidiarias aínda que non fosen estimadas na sentenza, con requisitos análogos aos indicados para a interposición en forma do recurso de suplicación conforme ao artigo 196²².

A norma intenta dar solución ao problema de fondo que se expuxo na STC 4/2006, do 16 de xaneiro, onde un demandante de viuvez e orfandade, vencedor en instancia, incluíu no seu escrito de impugnación do recurso de suplicación unha solicitude de revisión fáctica que, revogada a de instancia na sentenza de suplicación, non se lle tomou en consideración. O Tribunal Constitucional considerou a existencia de incon-

²¹ Alén de, obviamente, os argumentos de oposición aos motivos de suplicación.

²² É dicir, expresión precisa e clara do que se alega, cita das normas do ordenamento xurídico, e razóns sobre a pertinencia e fundamentación.

gruencia ao non resolverse esa cuestión na sentenza de suplicación e, ademais, apuntou a necesidade de dar traslado da impugnación para salvagardar o dereito de defensa da parte contraria, nun trámite de contestación descoñecido para a regulación daquela vixente da LPL.

Unha lectura superficial do artigo 197 da LXS levaríanos a converter a impugnación nunha sorte de adhesión ao recurso en que o/a recorrido/a, alén de oporse aos motivos de suplicación, podería impugnar a resolución no que lle resulte desfavorable cunha amplitude similar á que se recoñece no ámbito do proceso civil (artigo 461 da Lei de axuizamento civil). Doutra parte, a iso parece conducir unha lectura así mesmo superficial da STC 4/2006, do 16 de xaneiro, onde, se se solicitaban na impugnación revisións de feito, tamén se esixía a súa resolución expresa na sentenza de suplicación. Se iso é así para as revisións de feito, mimeticamente podería concluírse que debería ser así para calquera outra causa que se alegar.

De levarmos esa argumentación ás súas últimas consecuencias, e convertida a impugnación nunha sorte de adhesión ao recurso similar á regulada no proceso civil, a natureza extraordinaria do recurso de suplicación desnaturalizárase, porque se defraudarían os prazos establecidos para o anuncio do recurso (artigo 194) e as esixencias de depósitos, consignacións e aseguranzas que deben realizarse co anuncio do recurso de suplicación (artigos 229 e 230) serían doadamente eludibles. Como o artigo 197 non se remite aos artigos 194, 229 e 230, só ao 196, poderíase remachar engadindo que o lexislador admite a adhesión fóra do prazo para recorrer e sen cumprir con depósitos, consignacións e aseguranzas.

Ora ben, a sentenza constitucional non obriga a converter a impugnación nunha sorte de adhesión ao recurso similar á do proceso civil. Ao que obriga é a que na sentenza de suplicación se resolva sobre todo aquilo que foi exposto en tempo e en forma. Certamente, esta sentenza non cuestiona a oportunidade da solicitude de revisión fáctica realizada no escrito de impugnación, e iso explícase porque a LPL non atribuíra expresamente a lexitimación para recorrer cuestionando só revisións de feito (sen que a aplicación xudicial o admitise sempre, e, aínda nos casos en que o admitía, iso era sen a xeneralidade e seguridade xurídica que só a norma legal expresa confire).

A LXS supuxo un cambio importante no pano de fondo legal na medida en que, inspirándose na doutrina xudicial ampliatoria do concepto de gravame como orzamento xustificativo da lexitimación para recorrer, establece (artigo 17.5) que «contra as

resolucións que lles afecten desfavorablemente as partes poderán interpor os recursos establecidos nesta lei [1] por ter visto desestimadas calquera das súas pretensións ou excepcións, [2] por resultar delas directamente gravame ou prexuízo, [3] para revisar erros de feito ou [4] previr os eventuais efectos do recurso da parte contraria ou [5] pola posible eficacia de cousa xulgada do pronunciamento sobre outros procesos ulteriores».

Como nin a xurisprudencia constitucional obriga a converter a impugnación nunha sorte de adhesión ao recurso²³ nin se poden eludir as esixencias legais propias da natureza extraordinaria da suplicación (anuncio en prazo e demais esixencias de depósitos, consignacións e aseguranzas), a adecuada interpretación do artigo 197 da LXS debe de vir da man da súa lectura literal en combinación co artigo 17.5, onde se establecen cales son as circunstancias atributivas da lexitimación para recorrer, de modo que:

- 1) Se unha parte viu desestimada calquera das súas pretensións ou excepcións, se sofre directamente gravame ou prexuízo, ou se pretende revisar erros de feito ou previr os eventuais efectos do recurso da parte contraria ou a posible eficacia de cousa xulgada do pronunciamento sobre outros procesos ulteriores, está lexitimada para recorrer (artigo 17.5), mais se non anuncia a suplicación en prazo e cumpre as demais esixencias legais perde a devandita posibilidade e non podería argüíla impugnando.
- 2) O que se pode alegar na impugnación do recurso de suplicación son «motivos de inadmisibilidade do recurso» (algo que sempre se puido facer), «eventuais rectificacións de feito» (que non é o mesmo que revisar erros de feito) ou «causas de oposición subsidiarias aínda que non fosen estimadas na sentenza» (que non é o mesmo que expor excepcións). O alcance exacto desas expresións non debería supor nunca unha invasión dos conceptos usados no artigo 17.5.

Esta solución non é contraria ao establecido na xurisprudencia constitucional que, ante a ausencia de previsión da legalidade anterior canto á lexitimación para recorrer solicitando unha revisión de feitos, simplemente deu como válida –sen nin sequera cuestionalo– unha canle procesual a través da impugnación. Unha vez a LXS estableceu esa canle recoñecendo a lexitimación para recorrer solicitando unha revisión de feitos,

²³ Non é o que se resolve na sentenza antes citada e, en calquera caso, sería ademais atribuírle ao xuíz constitucional unha función que non ten de legislador ordinario.

calquera situación de indefensión queda radicalmente conxurada: ou se recorre solicitando unha revisión de feitos ou invocando calquera outra das pretensións a que se alude no artigo 17.5 da LXS, ou a posibilidade de invocar as devanditas pretensións desaparece sen poder acudir ao artigo 197.

Á procura de eliminar calquera situación de indefensión e encher unha lagoa, xa que antes nunca se daba traslado da impugnación, a LXS establece con carácter xeral que se lles comunicará ás partes o escrito ou os escritos de impugnación, e de se formularen nos devanditos escritos alegacións sobre a inadmisibilidade do recurso ou os motivos a que se refire o apartado anterior, as demais partes poderán presentar directamente as súas alegacións respecto diso xunto coas correspondentes copias para o seu traslado dentro dos dous días seguintes ao de recibiren o escrito de impugnación. Estamos ante un escrito de contraimpugnación estritamente limitado ás cuestións a que se refire.

Transcorrido o prazo de impugnación e no seu caso o prazo para presentar alegacións fronte ao escrito de impugnación, presentáense ou non escritos en tal sentido e logo do traslado das alegacións se se presentaron²⁴, o artigo 197 da LXS ordena que se lle comuniquen os autos á sala do social do tribunal superior de xustiza oportuno xunto co recurso e os escritos presentados dentro dos dous días seguintes. Deste xeito remata a primeira fase procedemental da tramitación do recurso de suplicación, a tramitación realizada ante o xulgado *a quo*.

5.5. Determinación do domicilio

De acordo co artigo 198, as partes recorrentes e recorridas deberán facer constar tanto nos escritos de interposición do recurso como nos de impugnación deste un domicilio na sede da sala do social do tribunal superior de xustiza para os efectos de notificacións, de non consignalo previamente, cos efectos do apartado 2 do artigo 53. Neste apartado 2 do artigo 53 establécese que o domicilio e os datos de localización facilitados con tal fin terán plenos efectos e as notificacións neles intentadas sen efecto serán válidas até que non foren facilitados outros datos alternativos. É carga procesual das partes e dos seus representantes manter tales datos actualizados e comunicar os cambios relativos ao seu número de teléfono, fax, enderezo electrónico ou similares, sempre que estiveren a ser utilizados como instrumentos de comunicación co tribunal.

²⁴ O cal supón dar traslado ao/á recorrente dos escritos de alegacións do/a recorrido/a, aínda que non se abre ningún novo prazo para realizar outras alegacións novas.

6. A tramitación ante un tribunal superior de xustiza

A segunda fase do recurso de suplicación substánciase ante a sala do social do tribunal superior de xustiza correspondente, e o seu trámite é moi sinxelo:

1) Recibidos os autos na sala do social do tribunal superior de xustiza, se o/a secretario/a xudicial apreciase defectos ou omisións emendables no recurso, concederá á parte o prazo de cinco días para esta achegar os documentos omitidos ou para se emendaren os erros detectados. De non efectuarse a reparación, a sala –non o/a secretario/a xudicial– ditará un auto en que se declare a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución recorrida, con devolución do depósito constituído e a remisión das actuacións ao xulgado de procedencia. Contra o devandito auto só cabe un recurso de reposición (artigo 199), sen admitirse, en consecuencia, ningún recurso devolutivo.

2) Instruído/a dos autos por tres días o/a maxistrado/a relator/a dará conta á sala do recurso interposto. A sala, após identificar de forma sucinta as circunstancias xustificativas, poderá oír o/a recorrente por tres días sobre a inadmisión do recurso ao se incumpriren de maneira manifesta e sen emenda posible os requisitos para recorrer ou ao existir doutrina xurisprudencial unificada do Tribunal Supremo no mesmo sentido da sentenza recorrida. Se a sala estimase que concorre algunha das causas de inadmisión referidas ditará, no prazo de tres días, un auto contra o que non caberá recurso (nin sequera o de reposición, a diferenza do artigo 199) e en que se declarará a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución recorrida con imposición das custas ao/á recorrente e con perda do depósito necesario para recorrer (a diferenza do artigo 199, en que ao/á recorrente se lle devolve o depósito para recorrer). Ás consignacións e aseguranzas prestadas daráselles o destino que corresponder –que é o establecido para o caso de confirmación de sentenza no artigo 204– e notificaráselles a resolución ás partes e ao Ministerio Fiscal.

Cando a inadmisión se refira soamente a algún dos motivos aducidos ou a algún dos recursos interpostos, dispórase mediante auto –tampouco susceptible de recurso– a continuación do trámite dos restantes recursos ou motivos que non se viren afectados polo auto de inadmisión parcial (artigo 200). Este trámite de inadmisión que se admite así mesmo por motivos de fondo (a diferenza do establecido no artigo 199) é pouco usado na praxe xudicial porque obriga a máis trámites que o propio ditado da sentenza.

3) De non acordarse a inadmisión polo trámite do artigo 200, logo do sinalamento para deliberación, votación e fallo, a sala ditará sentenza dentro do prazo de dez días, que se notificará ás partes e á fiscalía da comunidade autónoma (artigo 201.1). Unha

vez a sentenza for firme, o/a secretario/a xudicial acordará a devolución dos autos, xunto coa certificación daquela, ao xulgado de procedencia (artigo 201.2).

7. A sentenza de suplicación

A LXS, como antes a LPL, regula separadamente o contido principal (artigos 201 e 202) e o contido accesorio (artigos 203 e 204) da sentenza de suplicación, que pasamos deseguido a analizar.

7.1. Contido principal

Segundo o artigo 201.1 da LXS, a sala ditará unha sentenza que «resolva sobre a estimación ou desestimación do recurso, así como, se é o caso, sobre as cuestións oportunamente suscitadas en impugnación, ou que aprecie a súa inadmisibilidade e en consecuencia o desestime». Caben, xa que logo, até catro clases de sentenzas: as que desestiman o recurso de suplicación e confirman a sentenza de instancia; as que o inadmiten por ausencia dos requisitos esixidos para recorrer, asimiladas ás desestimatorias; as que o estiman por motivos procesuais e anulan a sentenza de instancia; e as que o estiman por motivos substantivos e revogan da sentenza de instancia.

Con relación ás «cuestións oportunamente suscitadas en impugnación», cabe estimalas, desestimalas ou inadmitilas. De nos acoller á interpretación defendida máis arriba no tocante aos únicos contidos posibles da impugnación, aparecen como bastante evidentes os supostos en que debe apreciarse a inadmisibilidade: cando se suscitan cuestións que van alén das establecidas no artigo 197 (motivos de inadmisibilidade do recurso, eventuais rectificacións de feito ou causas de oposición subsidiarias) para entraren no ámbito do artigo 17.5 (como serían revisións fácticas e excepcións desestimadas).

O artigo 202 detalla máis concretamente os contidos das sentenzas estimatorias do recurso de suplicación. Para o efecto distingue estes casos:

1) Cando a revogación da resolución de instancia se funda nunha infracción das normas ou garantías do procedemento que producise indefensión, de conformidade coa letra a) do artigo 193, a sala, sen entrar no fondo da cuestión, mandará repor os autos ao estado en que se atopaban no momento de cometerse a infracción (se esta se produciu no acto do xuízo, ao momento do seu sinalamento).

2) Se a infracción cometida versa sobre as normas reguladoras da sentenza, a estimación do motivo obrigará a sala a resolver o que corresponda, dentro dos termos en que apareza exposto o debate. Ora ben, se non puidese facelo por ser insuficiente o relato de feitos probados da resolución recorrida e por non poder completarse pola canle procesual correspondente, acordará a nulidade en todo ou en parte da devandita resolución e das seguintes actuacións procesuais –concretando en caso de nulidade parcial os extremos da resolución impugnada que conservan a súa firmeza– e mandará repor o actuado ao momento de ditar a sentenza para se salvaren as deficiencias advertidas e seguiren os autos o seu curso legal.

En resumo, a LXS, ante a dicotomía de devolver as actuacións en todo caso para non saltar a instancia ou de facelo só cando sexa imposible fallar en suplicación, optou por esta solución, sen dúbida menos drástica e máis conforme co principio de conservación das actuacións procesuais.

3) De estimarse algún dos restantes motivos comprendidos no artigo 193, a sala resolverá o que corresponda, con preferencia da resolución de fondo do litixio, dentro dos termos en que apareza exposto o debate, mesmo sobre aspectos que non fosen resoltos no seu momento na sentenza recorrida por apreciar algunha circunstancia obstativa, así como, no seu caso, sobre as alegacións deducidas nos escritos de impugnación, a condición de que o relato de feitos probados e demais antecedentes sen cuestionar nos autos resultasen suficientes.

7.2. Contido accesorio

Os artigos 203 e 204 regulan o destino do depósito para recorrer e da consignación da cantidade obxecto de condena segundo se a sentenza de instancia se revoga total ou parcialmente ou se confirma na súa totalidade, así como, só no suposto de confirmación total da sentenza de instancia, a posibilidade de impor unha multa por temeridade ou por mala fe.

1) Revogación total da sentenza de instancia. O fallo disporá a devolución de todas as consignacións e do depósito, así como a cancelación das aseguranzas emprestadas, unha vez firme a sentenza (artigo 203.1).

2) Revogación parcial da sentenza de instancia. O fallo disporá a devolución parcial das consignacións na contía que corresponda á diferenza das dúas condenas; a cancelación tamén parcial das aseguranzas emprestadas, unha vez firme a sentenza (artigo 203.2), e a devolución na súa totalidade do depósito para recorrer (artigo 203.3).

3) Confirmación total da sentenza de instancia. O fallo condenará á perda das consignacións, a que se dará o destino que corresponda cando a sentenza sexa firme (artigo 204.1). Se o/a recorrente asegurase o importe da condena conforme ao previsto nesta lei, a sala mandará no seu fallo confirmatorio que se manteñan as aseguranzas emprastadas até que o/a condenado/a cumpra a sentenza ou até que en cumprimento da sentenza resolva a realización das devanditas aseguranzas (artigo 204.3). Se o/a recorrente constituíse o depósito necesario para recorrer, a sentenza confirmatoria disporá a súa perda cando sexa firme (artigo 204.4).

No caso de os xuíces imporen á parte que obrou con mala fe ou temeridade a multa que sinalan o apartado 4 do artigo 75 e o apartado 3 do artigo 97, a sentenza da sala confirmará ou non, en todo ou en parte, esa multa. De igual maneira, cando o/a condenado/a for o/a empresario/a, pronunciaranse sobre os honorarios dos avogados ou dos graduados sociais impostos na sentenza recorrida (artigo 204.2). Polo demais, a sala poderá impor tales sancións e medidas aos recorrentes de apreciarse temeridade ou mala fe na actuación das partes ou a súa representación procesual durante o recurso (artigo 204.2).

8. Referencias bibliográficas

ALFONSO MELLADO, C. I. (2007) *La motivación del recurso de suplicación contra sentencias laborales: análisis crítico*. Albacete, Bomarzo.

ALBERT BENEYTO, M. R. e GAMERO LÓPEZ-PELAEZ, F. J. (2000) *Algunos aspectos de las consignaciones en el proceso laboral*. Vigo, Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.

ARTACHO MARTÍN-LAGOS, M. (2003) *El derecho al recurso de suplicación. Procedencia y admisibilidad*. Pamplona, Aranzadi.

CAVAS MARTÍNEZ, F. (2000) *El recurso de suplicación*. Granada, Comares.

COLMENERO GUERRA, J. A. (2001) *El recurso de suplicación (doctrina, jurisprudencia y formularios)*. Valencia, Tirant Lo Blanch.

DÍAZ DE RÁBAGO VILLAR, M. (2003) «El recurso de suplicación previsto en la Ley Concursal» *Aranzadi Social* 5.

ESPINOSA CASARES, I. (1998) *Técnica del recurso de suplicación*. Pamplona, Aranzadi.

FOLGUERA CRESPO, J. (1996) «El derecho a los recursos legalmente establecidos. Recurso de suplicación» en ídem *El proceso laboral en la jurisprudencia del Tribunal Constitucional*. Madrid, Consello Xeral do Poder Xudicial.

- FOLGUERA CRESPO, J.; SALINAS MOLINA, F. e SEGOVIANO ASTABURUAGA, M. L. (dirs.) (2011) *Comentarios a la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social*. Valladolid, Lex Nova.
- HERNÁNDEZ DE VITORIA, M. J. (2008) «Recurso de suplicación» en VV. AA. *Memento Práctico Francis Lefebvre. Procedimiento Laboral 2009-2010*. Madrid, Ediciones Francis Lefebvre.
- MARÍN CORREA, J. M. (2003) «La afectación numerosa como supuesto de procedencia del recurso de suplicación» *Actualidad Laboral* 42.
- MOLINER TAMBORERO, G. (1991) *El recurso laboral de suplicación*. Bilbao, Deusto.
- MOLINS GARCÍA-ATANCE, J. (2010) «Desnudando la suplicación» *Aranzadi Social* 7/8.
- MOLINS GARCÍA-ATANCE, J. (2005a) *El recurso de suplicación: la revisión de los hechos probados*. Pamplona, Aranzadi.
- MOLINS GARCÍA-ATANCE, J. (2005b) «El gravamen para recurrir en suplicación» *Revista Española de Derecho del Trabajo* 125.
- MOLINS GARCÍA-ATANCE, J. (2004) «La aportación de documentos en suplicación» *Relaciones Laborales* 24.
- PLAZA GOLVANO, S. (2002) *Depósitos y consignaciones para recurrir en el proceso laboral*. Valencia, Tirant Lo Blanch.
- RÍOS SALMERÓN, B. (1996) «El recurso de suplicación en la ejecución social» *Revista Española de Derecho del Trabajo* 80.
- RUBIO DE MEDINA, M. D. (2001) *El recurso de suplicación*. Barcelona, Bosch.
- SEMPERE NAVARRO, A. V. (2007) «A vueltas con la impugnación del recurso de suplicación y el eventual trámite de audiencia al recurrente» *Aranzadi Social* 5.
- SOLER FERRER, F. (2006) «El recurso de suplicación. Anuncio e interposición. Impugnación. Tramitación ordinaria en la Sala de lo Social. Decisión» *Tribuna Social* 192.
- VÁZQUEZ DÍAZ, X. (2002) «Modificación en suplicación de los hechos probados fuera de los estrictos cauces del artículo 191 b) LPL: en especial, el error de derecho en la valoración de la prueba y las reglas de la sana crítica» *Aranzadi Social* 5.